

## PROXECTO ABALAR:



É unha estratexia global e integradora de aprendizaxe.

O Espazo Abalar é unha moderna plataforma desenrollada por AMTEGA (Axencia pola Modernización Tecnolóxica de Galicia).

O Proxecto Abalar ten a súa orixe na palabra celta “Abal”, que significa mazá, a froita da sabiduría, e no temo en galego “Abalar” para transmitir a mensaxe de promover o movemento, o cambio e a transformación na educación.


A súa estratexia é a integración plena das TIC na práctica educativa de Galicia. Este concepto de traballar nun centro educativo dixital persigue dispoñer de recursos humanos e pedagóxicos xunto con infraestructuras e servizos axeitados para o emprego cotiá da tecnoloxía por parte de todos os axentes da comunidade educativa, na actividade docente, de aprendizaxe e administrativa.


## Abalar Móbil

é un xeito de comunicación coas familias mediante a cal podemos enviar datos como por exemplo, todas as que se amosan nas seguintes fotos.

As familias teñen un manual para poder descargar a aplicación sempre que deixasen os datos correctos nas Oficinas do Colexio.

[https://www.edu.xunta.gal/espazoAbalar/sites/espazoAbalar/files/guia\\_mobil-familias\\_-galego\\_1.pdf](https://www.edu.xunta.gal/espazoAbalar/sites/espazoAbalar/files/guia_mobil-familias_-galego_1.pdf)







NACIMIENTO  
11 agosto 2011

DIRECCIÓN

Asistencia



Conducta



Os pais deben ter os datos telefónicos dos móbiles activos e así se poden mandar unha gran cantidade de información.

Seguidamente para que as familias reciban a información é preciso que os profes, titores, e dende o Equipo Directivo se engada información das cualificacións, faltas de conducta, asistencia, mensaxes etc.

As mensaxes poden ser a un grupo enteiro ou soamente a un alumno ou alumna.

Toda esta información chega grazas a que os datos que se aportan en Xade se volcan a Abalar Móbil.

#### **Mensaxería a través de Abalar Móbil: \_VER VÍDEO**

<https://www.youtube.com/watch?v=X8VCRaGwelw&feature=youtu.be>

#### **Outras posibilidades do Espazo Abalar:**

1- Atopar suxerencias, vídeos, exercicios en URL para completar no **REPOSITORIO ABALAR**.

<https://www.edu.xunta.gal/espazoAbalar/es/espazos/recursos>

Un xeito de atopar material para completar a nosa mochila dixital e personalizando segundo as clases ou os rapaces.

2- Descargar os datos de Xade a Abalar Móbil como faltas, cualificacións.

Se todo o profesorado estea subscrito en espazoAbalar\*:

Os pasos para subscribirse ás funcionalidades son os seguintes:

- 1) Acceder a <http://www.edu.xunta.es/espazoAbalar/> e premer en "**Acceso aos servizos**"
- 2) Acceder aparte privada co usuario e contrasinal de edu.xunta.es
- 3) Finalmente dentro do bloque "**Accións**" premer en "**Subscripcións**" e activar as casillas que aparecen na parte central da pantalla:

\* **Aceptar a xustificación de faltas a través do portal:** as familias poderán xustificar as súas faltas a través do portal

\* **Aceptar a solicitude de titorías por parte dos responsables dos alumnos:** as familias poderán solicitar unha cita de titoría

Os horarios do profesorado e as asignacións aos cursos deben de estar feitas. Isto serve para poder por na pantalla emerxente as faltas cando están en clases. Cando se abre o ordenador nunha clase e aparece esta pantalla, o profesorado pode por as faltas, pero se non quere ten que darlle a ESC (Escape).

As respostas ás preguntas máis frecuentes podédelas atopar aquí:

<http://www.edu.xunta.es/espazoAbalar/faq/abalarmobil>

As guías sobre espazoAbalar atopádelas aquí:

<https://www.edu.xunta.gal/espazoAbalar/nova/actualizacion-das-guias-do-portal-espazoabalar>

### **TAREFA 1:**

Consiste en darse de alta na plataforma de Abalar Móbil e dende esa plataforma poder enviar unha mensaxe a unha clase.

Facer un pantallazo e facer unha entrega dese entorno.